

INVENTARIO ILUSTRADO DAS AVES

Texto de VIRGINIE ALADJIDI

Ilustracións de EMMANUELLE TCHOUKRIEL

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Encadernado en cartón. 21,5 x 30 cm. 80 páx. 18 €.

Inventario ilustrado das aves (galego)

ISBN 978-84-16721-02-3. Fatoría K de Libros. Ciencias.

Inventario ilustrado de aves (castelán)

ISBN 978-84-16721-01-6. Fatoría K de Libros. Ciencias.

Inventari il·lustrat dels ocells (catalán)

ISBN 978-84-16721-05-4. Fatoría K de Llibres. Ciències.

Inventário ilustrado das aves (portugués)

ISBN 978-989-99583-3-3. Fatoría K de Livros. Ciência.

Voar, poñer ovos, ter bico... non son dominio exclusivo das aves: os morcegos, que son mamíferos, voan; os caracois, que son gasterópodos, e os peixes poñen ovos; as tartarugas, que son réptiles, e os polbos tamén dispoñen de bicos córneos... Mais o que si teñen as aves que non ten ningún outro animal son... milleiros de plumas que lles recobren o corpo e as alas.

Das máis de 10.000 especies de aves que hai no mundo, este libro recolle 80: dende o pingüín ao colibrí, da anduriña ao merlo, da curuxa ao pelicano...

Ademais dun pequeno vocabulario ilustrado sobre a súa morfoloxía, descríbese a plumaxe de cada especie, peculiaridades da súa alimentación, ou curiosidades sobre os seus hábitos de apareamento, entre outros detalles sorprendentes, como o chílo que fan ao cantar. Tamén se achegan datos relativos ao tamaño e á envergadura media de cada ave para comparalas entre si.

Como en todos os volumes desta colección, as ilustracións son de estilo científico, representadas coa precisión dos naturalistas nos antigos cadernos de campo: perfís feitos con rotulador e con tinta chinesa, e acuarelas de fermoso colorido que ofrecen unha imaxe sutil e poética destas evocadoras criaturas.

Un libro atractivo non só pola vistosa representación gráfica das aves, senón tamén polos contidos técnicos -asequibles e informativos- sobre uns animais que aniñan, voan e pían nestas páxinas repletas de penuxe.



- **Temática:** catálogo de aves que inclúe 80 especies de todo o mundo.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** ilustracións naturalistas coloreadas con acuarela; contén vocabulario ilustrado; cada lámina presenta ilustracións, nome común, nome científico e descrición; división por ordes de aves; outros títulos da colección: “Inventario ilustrado de animais”, “Inventario ilustrado de animais con cola”, “Inventario ilustrado dos mares”, “Inventario ilustrado das árbores”, “Inventario ilustrado de insectos”.

Virginie Aladjidi

Durante varios anos traballou en revistas xuvenís e editoriais. Actualmente dedícase a crear coleccións de libros e textos en colaboración con Caroline Pellissier.
<http://virginiealadjidi.blogspot.com>

Emmanuelle Tchoukriel

Estudou Artes Aplicadas e ampliou a súa formación no eido da comunicación visual antes de ingresar na Escola Estienne de París e de especializarse en ilustración médica e científica.
<http://tchouk-tchouk.blogspot.com>

